

**18.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25 DE ABRIL DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 17/2016 DE 18 DE ABRIL DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 17/2016, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 18 de abril de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para local de distribución de bebidas e alimentación, nas naves nº 5 e 6 da cidade do Transporte do polígono industrial Lalín, 2000, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 13/04/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 70,17 euros. Consta no

expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **3.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.**

**3.1.-** Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para verbena e sesión vermú no campo da festa de Goiás - Lalín, os días 29 e 30 de abril e 1 de maio de 2016.

### **4.- EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL.**

**4.1.-** Acordouse **estimar a concorrencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín, e recoñecer o dereito do solicitante, a ser indemnizado** na cantidade reclamada, que ascende a 329,12 euros EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN PRESENTADA POLOS DANOS QUE SE LLE OCASIONARON Ó VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD COMO CONSECUENCIA DO DEFECTUOSO FUNCIONAMENTO DA BARREIRA DE ACCESO Ó PARQUING ALDEA GRANDE.

### **5.- LICENZA ADMINISTRATIVA PARA POSUIR ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.**

**5.1.-** Acordouse **conceder licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos**, e proceder á inscrición da cadela de raza Cruce, Pitt Bull, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, **co núm. 41.**

### **6.- FACTURAS E CONTAS.**

**6.1.-** Acordouse a **aprobación da relación de facturas nº 00054** por un importe total de **50973,13 Euros.**

### **7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**7.1.-** Acordouse **solicitar unha subvención ao abeiro da ORDE do 11 de marzo de 2016** pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás

súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e procédese á súa convocatoria para o ano 2016, para o desenvolvemento do proxecto denominado “Equipamento audiovisual e mellora da iluminación e son do Auditorio Municipal de Lalín”.

**7.2.-** Acordouse **solicitar unha subvención ao abeiro ORDE do 11 de marzo de 2016** pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e procédese á súa convocatoria para o ano 2016; para o desenvolvemento de actividades de voluntariado xuvenil no Concello de Lalín.

**7.3.-** Acordouse **aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** para a ocupación dun terreo municipal de uso público para a instalación en Lalín dunha estación fixa de control da calidade do aire e meteorolóxica.

**7.4.-** Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos** correspondentes ao 50% do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín, no período comprendido entre o 01/01/2016 e o 31/03/2016, por importe de **4.156,16 €**; así como remitir a mesma á FEGAMP, para a oportuna xustificación da axuda concedida.

**7.5.-** Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos** correspondentes ao desenvolvemento do Obradoiro de Emprego PAZO DE LIÑARES por importe de **166.846,43 €**, así como remitir á Consellería de Economía, Emprego e Industria o expediente para a oportuna xustificación da axuda concedida, e solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria o pagamento de 124.534,15 €, importe, correspondente ao saldo pendente de pagamento do Obradoiro de Emprego

**7.6.-** Acordouse a **realización do curso de verán “XIIª NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL, PROSTITUCIÓN, TRATA E OUTRAS VIOLENCIAS ”** (Lalín 12-15 de xullo), e **aprobase o gasto para a realización do curso, por importe de 10.000 €**.

**7.7.-** Acordouse aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da **Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos** de acordo cos informes técnicos.

**7.8.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total

de 118,04 € a aboar a Gas Natural SUR.

**7.9.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade á persoa solicitante por importe de 240 € a aboar en efectivo.

**7.10.-** Acordouse a **adhesión ao Convenio marco de colaboración asinado o día 30 de marzo de 2016 entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP** co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do presente convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

## **8.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**8.1.-** Acordouse a **corrección do erro** padecido no punto 10.7. do acordo aprobado na acta da sesión celebrada o día 11 de abril de 2016.

## **9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.**

**9.1.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a instalación de dous inchables na Praza da Igrexa e unha Carpa no Km. 0 o día 30 de abril de 2016 (Día da Nai).

**9.2.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do Auditorio Municipal de Lalín o día 28 de maio de 2016 de 9:00 a 19:00 horas e o día 29 de maio de 2016 de 9:00 a 15:00 horas para manter unha reunión cos gandeiros para organizar a IIª Reunión de Primavera.

**9.3.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para o corte da rúa Principal a partires das 10:00 horas ata as 19:00 horas, así como o uso da Praza da Igrexa, o vindeiro 9 de xullo de 2016 terá lugar a “IVª RALLY DE REGULARIDADE DE VEHÍCULOS HISTORICOS VILLA DE LALÍN ”; así como para a colaboración de Protección Civil, a Policía Local, o préstamo dunha decena dos valados de seguridade e conos para marcar puntos con obstáculos ou deficiencias no firme da ruta do citado día e 70 bolsas de promoción do Concello de Lalín para a entrega de libros de ruta e material, e por último a colaboración do persoal de Servizos Sociais ou da Asociación O Mencer para a recollida dos alimentos doados.

**9.4.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a cesión dunha sala no Pazo de Liñares para a realización dunha xornada na que participarían entre 25 e 30 mulleres labregas de toda Galiza o día 27 de maio de 2016.

**9.5.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso da Sala de Prensa do Concello de Lalín para o vindeiro día 3 de maio de 2016 ás 12:00 horas para celebrar unha rolda de prensa cos medios de comunicacións locais.

**9.6.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para unha recepción na Casa do Concello para os directivos do R.C. Celta de Vigo e xogadores do equipo para o día 11 de xuño de 2016, para celebrar en Lalín con todas as peñas de toda Galicia unha xornada lúdico festivos, así como a instalación de valados no recinto así como a colaboración de Protección Civil e Policía Local para a seguridade do evento.

**9.7.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a instalación dun autobús xunto á Casa Consistorial o día 28 de abril de 2016, en horario de 10:00 horas ás 14:00 horas, con motivo da realización dunha campaña divulgativa para Bayer Crop Science sobre os beneficios dos produtos herbicidas laudis e monsoon destinados aos cultivos de millo.

-----